Ao inicio do curso académico, e tras a avaliación inicial, o docente disporá da información necesaria para coñecer as necesidades específicas do seu alumnado e poder adaptar o traballo acordo coas súas necesidades persoais. Así mesmo, poderán xurdir novas necesidades educativas ao longo do curso, ben sexa por novas incorporacións ao centro ou por cambios nas situacións persoais do alumnado sobre as que as/os docentes deberán estar pendentes e en permanente comunicación co titor/a do grupo e o departamento de Orientación.

Por norma, as explicacións son xerais para todo o alumnado pero sempre poden xurdir dúbidas que se responderán de forma precisa e poderán propoñerse exercicios de reforzo e/ou ampliación sobre contidos específicos para o alumnado que atope dificultades.

- Para aquel alumnado que presente un ritmo de desenvolvemento maior (incluídas altas capacidades) propóñense actividades de ampliación. Serán fundamentalmente actividades de profundización con maior dificultade lóxica, matemática ou grao de abstracción, e presentación de traballos sobre aspectos máis específicos, lecturas complementarias ou experiencias a realizar na casa que impliquen un nivel máis alto de autonomía e creatividade na aplicación do método científico (investigación e extracción de conclusións).

- Para o alumnado nos que o rendemento académico é baixo, necesita dunha atención especial:

- Preguntarlle con frecuencia para manter a súa atención. Importante que a/o alumna/o estea sentado diante.
- Revisar os apuntamentos e exercicios que a/o alumna/o vai tomando durante a clase.
- Apoiar as explicacións con presentacións visuais claras.
- Preparar material de traballo adaptado se o necesita.
- Adaptar os tempos nas probas escritas e tarefas se o necesita.
- Adaptar o formato das probas escritas e tarefas: subliñar o máis importante, letra máis grande e espaciada.
- Accesibilidade e cercanía da/o docente. Reforzo positivo do traballo do/a alumno/a.

- No caso de alumnado repetidor, o profesor do grupo ao que pertenza este alumnado encargárase de efectuar o seu seguimento. Recollerá información sobre el/ela na avaliación inicial, do/a titor/a e tamén a través do profesor/a do curso anterior e, no seu caso, tamén a partir do departamento de orientación. Efectuarase a partir de aí o labor de apoio e seguimento que será retroalimentado ao longo do curso:

- Se o alumnado que repite ten aprobada a nosa materia, consideramos que podería estar desmotivado/a pero ten coñecementos e habilidades suficientes para a superación da mesma.

- Se o alumnado que repite suspendeu a nosa materia, pode ser por falta de motivación e interese, falta de hábitos de traballo, problemas persoais, falta de técnicas de estudo,...

En ambos casos, haberá que transmitirle motivación e ilusión pola materia e, en función das capacidades que poidan advertirse e ad información reportada polo departamento de orientación e a xunta de avaliación, enfocar de forma personalizada a súa traxectoria ao longo do curso. É interesante conseguir un compromiso de traballo pola súa parte, axudarlle a desenvolver actitudes positivas de cara ao estudo e a superación das súas dificultades persoais e académicas e facilitarlle a consulta de dúbidas de xeito individual.

Cando algún alumnado necesite unha atención educativa diferente á ordinaria, o profesorado desenvolverá medidas extraordinarias e, se fose necesario, levaranse a cabo as adaptacións personalizadas recomendadas polo departamento de orientación e baseadas na labor de profesionais específicos ou servizos de apoio:

- Adaptacións físicas do centro e do entorno.
- Adaptacións curriculares correspondentes, en función de necesidades educativas especiais diagnosticadas (obxectivos, contidos e criterios de avaliación). Neste caso farase un seguimento continuado dos progresos deste

alumnado e informarse ao titor/a e ao resto do profesorado que traballe nese grupo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.	X	X	X	X		X	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais, etc.), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA2.4, CA3.5, CA4.	X	X	X	X		X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.	X	X	X	X		X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.	X	X	X	X		X	X	X
ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.	X	X	X	X		X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é substancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1.	X	X	X	X		X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7.	X	X	X	X		X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia con CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo relacionado no CA1.9.	X	X	X	X		X	X	X
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X		X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.	

	UD 9
<p>ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais, etc.), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA2.4, CA3.5, CA4.</p>	
<p>ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.</p>	
<p>ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.</p>	

	UD 9
<p>ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.</p>	
<p>ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1.</p>	
<p>ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7.</p>	

	UD 9
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia con CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo relacionado no CA1.9.	
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a museo interactivo (tipo MUNCYT).	A actividade está relacionada coas propiedades dos materiais, coas forzas e enerxías.			X
Charlas e obradoiros divulgativos	Charlas sobre aspectos de interese para a materia ou obradoiros da materia.	X	X	X
Visita á depuradora municipal	Farase durante o terceiro trimestre. Relacionase co desenvolvemento da unidade didáctica 4 (Cambios físicos e químicos)).			X

Observacións:

Todas as actividades dependerán da dispoñibilidade dos lugares a visitar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.- Adecúase o deseño das UD aos elementos recollidos no currículo.
2.- Propóñense actividades útiles para acadar os obxectivos de aprendizaxe.

3.- Axústase temporalmente a programación didáctica á secuenciación de UD programadas.
4.- Realízase o seguimento da programación didáctica.
5.- Publícase a programación didáctica.
23.- Informo ás familias.
Metodoloxía empregada
6.- Emprego instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
7.- Adecúase o libro de texto aos elementos curriculares.
8.- Realízase a avaliación inicial en cada UD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
11.- Ofrezco explicacións claras e ordenadas dos contidos da materia.
12.- Os criterios de cualificación son axeitados, están formulados claramente e son coñecidos polo alumnado.
13.- Adecúanse os instrumentos de avaliación indicados.
14.- Analizo os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas.
15.- Informo dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
16.- Utilízase o laboratorio.
17.- Contribúese ao Proxecto Lector do centro.
18.- Contribúese ao Plan de dixitalización do centro.
19.- Poténciase o uso das TIC na materia.
20.- Aprendizaxes acadadas polos alumnos.
21.- Realízanse as medidas correctoras xurdidas dos procesos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
9.- Fanse as medidas de atención á diversidade dentro da aula.
Clima de traballo na aula
10.- Entrego ao alumnado todo o material avaliable corrixido.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
22.- Trabállase coordinadamente dentro do departamento e hai coordinación con outros departamentos.

Descrición:

Descrición:

Os indicadores de logro avalíanse como 1 = nunca; 2= poucas veces; 3 = moitas veces; 4 = sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente da aplicación Proens por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia. Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas.

Algunhas ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Estatísticas de resultados.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademais da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na memoria final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

9. Outros apartados

1. ANEXOS

1. Memorial final

Dende o departamento analizaranse e valoraranse os resultados obtidos polo alumnado, con propostas de mellora ao final de cada avaliación. Na memoria final incluiremos a valoración do departamento sobre a idoneidade da metodoloxía empregada, así como os materiais curriculares e didácticos empregados. Tamén incluiremos as propostas de mellora sen esquecermos das que corresponden a organización e aproveitamento dos recursos.

2. Rúbricas

Haberá rúbricas que serán públicas e poderán ser consultadas (non sei colocar a táboa neste punto).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	42
4.2. Materiais e recursos didácticos	44
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	45
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	45
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	47
6. Medidas de atención á diversidade	48
7.1. Concreción dos elementos transversais	48
7.2. Actividades complementarias	50
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	50
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	51
9. Outros apartados	52

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríentase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO en nove unidades didácticas.

Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Agua limpia	Abordaremos como punto de partida para despregar o curso as propiedades textuais, os elementos da comunicación e a palabra (estrutura e significado).	10	12	X		
2	Proyecto de vida	Con esta unidade comezaremos a aproximarnos á sintaxe repasando contidos do curso pasado, como o enunciado, o sintagma e a oración. Ademais, achegarémonos ao estudo dos textos narrativos e realizaremos descrições.	10	11	X		
3	Hora de actuar	A creación de textos da vida cotiá implicará que utilizemos os tipos de sintagmas e reflexionemos sobre a súa estrutura.	10	12	X		
4	Me siento bien	Prepararemos exposicións e debateremos seguindo as estruturas dos textos argumentativos, nos que son clave os verbos e sintagmas verbais, comezados a tratar nesta unidade.	20	14		X	
5	En buena compañía	Continuaremos o estudo dos sintagmas verbais apoiándonos en textos xornalísticos e publicitarios.	10	12		X	
6	Mi tribu	Nesta unidade, remataremos o estudo dos sintagmas verbais e reflexionaremos sobre o texto literario coa axuda de múltiples textos.	10	12		X	
7	Bichos fascinantes	Comezaremos a estudar os xéneros literarios deténdonos primeiramente nos xéneros narrativo e didáctico. Por outra parte, clasificaremos as oracións.	10	11			X
8	Cruce de caminos	Analizaremos sintacticamente e, mediante a lectura e análise de textos poéticos, afondaremos nas características do xénero	10	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Cruce de caminos	lírigo.	10	11			X
9	Mejor con una sonrisa	Para finalizar o curso, coñeceremos as características do xénero teatral e dramatizaremos na clase. Ademais, investigaremos sobre a orixe das linguas de España.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Agua limpia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo e a información máis importante.	PE	55
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identificará as clases de palabras e explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical mediante a utilización de afixos. Deberá recoñecer tamén as funcións sintácticas.	TI	45
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos dialogados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Ademais de participar activamente e respectar a quenda de palabra, o alumnado deberá ser claro e cortés: ofrecerá opcións sen impoñer o seu criterio, cooperará e recorrerá a usos verbais mitigadores.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados nos que expliquen a cuestión tratada de forma clara e ordenada.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos relatos.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer vínculos entre os contos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas como os anuncios publicitarios revisados na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

Contidos

- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Proyecto de vida	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo e a información máis importante.	PE	43
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identificará as clases de palabras e explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical mediante a utilización de afixos. Deberá recoñecer tamén as funcións sintácticas.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos dialogados.	TI	57
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá recoñecer os procedementos expositivos máis habituais: definicións, enumeración de propiedades, exemplificacións e analogías.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Ademais de participar activamente e respectar a quenda de palabra, o alumnado deberá ser claro e cortés: ofrecerá opcións sen impoñer o seu criterio, cooperará e recorrerá a usos verbais mitigadores.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados nos que expliquen a cuestión tratada de forma clara e ordenada.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora a e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Os textos expositivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico de introdución, desenvolvemento e conclusión, cunha ordenación lóxica dos contidos (estrutura analizante ou sintetizante).		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá verificar o uso da terceira persoa, o predominio do presente de indicativo, o uso habitual das oracións impersonais e atributivas, así como o emprego recorrente da coordinación.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos relatos.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer vínculos entre os contos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas como os anuncios publicitarios revisados na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluírá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
 - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
 - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
 - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 2º de ESO é fundamental como iniciadora da etapa educacional da secundaria. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e, pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel serán a base para os cursos vindeiros.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abrangue os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para identificar e interpretar textos literarios.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas de portugués.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e co portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha gran proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 2º de ESO está artellada arredor de cinco unidades didácticas, armadas a respecto da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galiza.

A esolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
- A non repetición de temas.
- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As linguas e os seus falantes	<p>Nesta unidade didáctica estudaranse, ao longo do curso, diversos temas de léxico, historia da lingua e mais sociolingüística. Con isto preténdese tanto o autocoñecemento da propia realidade (e, en consecuencia, a eliminación de prexuízos) como o enriquecemento do propio léxico.</p> <p>1ª avaliación: Léxico: o tempo cronolóxico e meteorolóxico. Lingua e sociedade: a diversidade lingüística, a Europa plurilingüe.</p> <p>2ª avaliación: Léxico: o corpo humano e a vestimenta. Lingua e sociedade: España, estado plurilingüe.</p> <p>3ª avaliación: Léxico: enfermidades e remedios. Lingua e sociedade: as nosas linguas e as miñas linguas e as variedades xeográficas.</p>	30	37	X	X	X
2	A comunicación oral	<p>O obxectivo desta unidade didáctica é que o alumnado comprenda a lingua oral e sexa capaz de facer exposicións coherentes.</p> <p>Tamén buscará afondar na realización de debates respectuosos e no uso dunha linguaxe non discriminatoria.</p>	10	18	X	X	X
3	A comunicación escrita	<p>A función desta unidade didáctica é conseguir que o alumnado sexa capaz de interpretar e producir textos escritos de diferente tipoloxía.</p> <p>Tamén se busca que o alumnado sexa capaz de realizar traballos simples (individualmente ou en grupo) nos que teña que usar medios tecnolóxicos de maneira responsable e seleccionar a información que sexa pertinente.</p> <p>Finalmente, tamén entraría nesta UD axudar ao alumnado a ordenar o seu propio material (apuntamentos, exercicios de clase, subliñado de ideas principais, resumos...) para facilitar a preparación de exames.</p>	20	18	X	X	X
4	A educación literaria	<p>Mediante esta unidade didáctica estudarase, ao longo de todo o curso, a tipoloxía textual (os textos literarios e non literarios, a banda deseñada, o texto narrativo, os textos xornalísticos, a descrición, a reportaxe, a poesía e a</p>	10	30	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A educación literaria	canción, o texto teatral e as normas e instrucións de uso). Tamén se incluírá a lectura dun libro por avaliación para fomentar a lectura autónoma.	10	30	X	X	X
5	Estudo da lingua galega	Nesta unidade didáctica traballarase sobre diferentes aspectos do funcionamento da lingua: ortografía, morfoloxía e sintaxe. 1ª avaliación: ditongos e hiatos, xénero e número gramaticais. o enunciado, o substantivo e o adxectivo. O alfabeto, a sílaba e as regras de acentuación. 2ª avaliación: os demostrativos, o pronome, os verbos regulares e os verbos irregulares. A acentuación diacrítica, o uso de C, Z, CT, CC, B e V. 3ª avaliación: o adverbio e a preposición, o suxeito e o predicado, os complementos directo, indirecto e circunstancial. O uso de H, o punto, a coma, o punto e coma, o uso de X e S, os dous puntos e os puntos suspensivos.	30	37	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As linguas e os seus falantes	37

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	A/O alumna/o debe coñecer as linguas da Península Ibérica e obter, nunha proba escrita, a metade da puntuación outorgada a este CA.	PE	100
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	A/O alumna/o debe identificar os prexuízos lingüísticos existentes, tratar de evitalos e obter, nunha proba escrita, a metade da puntuación outorgada a este CA.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	A/O alumna/o debe coñecer o léxico tradicional e demostrar que o sabe usar adecuadamente obtendo, nunha proba escrita, a metade da puntuación outorgada a este CA.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Introducción á reflexión interlingüística. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	A comunicación oral	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	A/O alumna/o debe valorar se textos orais sinxelos son adecuados para o seu contexto de uso.	TI	100
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	A/O alumna/o debe ser capaz de facer exposicións orais previamente preparadas de entre 3 e 5 minutos de duración.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	A/O alumna/o debe poder participar de maneira medianamente fluída en conversas con outros compañeiros/as ou profesores/as nunha linguaxe formal.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	A/O alumna/o debe entender que rexistros se deben usar nun contexto determinado e cales non.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	A/O alumna/o debe detectar e corrixir usos discriminatorios da lingua e elementos non verbais inadecuados.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	A/O alumna/o debe identificar a canle utilizada en textos orais e escritos para identificar a adecuación ao contexto en que se producen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

UD	Título da UD	Duración
3	A comunicación escrita	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	A/O alumna/o debe interpretar correctamente textos escritos sinxelos e sempre adecuados á súa etapa formativa.	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	A/O alumna/o debe ser capaz de facer unha valoración crítica do contido de textos escritos sinxelos.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	A/O alumna/o debe interpretar correctamente textos escritos sinxelos e sempre adecuados á súa etapa formativa.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	A/O alumna/o debe ser capaz de facer unha valoración crítica do contido de textos escritos sinxelos.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	A/O alumna/o debe ser capaz de elaborar textos escritos coherentes, cohesionados e escritos nun rexistro adecuado.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	A/O alumna/o debe usar de maneira responsable as tecnoloxías dixitais		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	A/O alumna/o debe ser capaz de facer unha valoración crítica do contido de textos escritos sinxelos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	A/O alumna/o o debe interpretar correctamente o sentido de textos escritos sinxelos e a intencionalidade do emisor. .		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	A/O alumna/o debe ser capaz de buscar e de seleccionar información para a elaboración de tarefas adecuadas á súa etapa formativa.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	A/O alumna/o debe elaborar traballos de investigación adecuados á súa etapa e sempre guiados polas indicacións do profesorado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	A/O alumna/o debe compartir a experiencia lectora, ligándoa á súa experiencia biográfica e lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	A educación literaria	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	A/o alumna/o debe poder localizar, seleccionar e contrastar información (de maneira guiada polo profesor) sobre a lectura realizada de cara á presentación crítica e ordenada da mesma.	TI	100
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	A/o alumna/o debe poder elaborar traballos de investigación (progresivamente autónoma) de temas de interese académico, persoal ou social a partir de información preseleccionada.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	A/o alumna/o debe poder elixir e ler, de maneira autónoma, textos literarios actuais e adaptados á súa etapa educativa.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	A/o alumna/o debe poder compartir a experiencia da lectura das obras que leu de acordo cos parámetros estudados na aula.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	A/o alumna/o debe poder explicar as obras que leu de acordo cos parámetros estudados na aula.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	A/o alumna/o debe ser capaz, de maneira guiada, de atopar vínculos entre diferentes obras artísticas, literarias ou non.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	A/o alumna/o debe ser capaz de crear obras con intención literaria, orixinais ou imitando os recursos e temas propios de obras estudadas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.

Contidos

- Participación activa en actos culturais vinculados ao círculo literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
5	Estudo da lingua galega	37

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	A/o alumna/o debe poder revisar os textos propios mellorándoos minimamente e explicar que cousas cambia e por que.	PE	100
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	A/o alumna/o debe ser capaz de enriquecer os textos mediante o uso de recursos como a sinonimia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	A/o alumna/o debe, de maneira case autónoma, poder buscar e seleccionar información pertinente e citala nos seus traballos de maneira estandarizada.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	A/o alumna/o debe, de maneira guiada, poder revisar os seus propios textos, atopar neles posibles erros de gramática e corrixilos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	A/o alumna/o debe entender que os diferentes propósitos comunicativos implican diferentes eleccións lingüísticas.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	A/o alumna/o debe entender o funcionamento da lingua e usar, de maneira guiada, dicionarios e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do

Contidos

- propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na ESO, a materia de Lingua Galega e Literatura busca profundar nos coñecementos xa adquiridos durante a Educación Primaria. Igualmente, pretende favorecer as competencias que lle permitan ao alumnado escoitar, falar, ler e escribir con adecuación, corrección e creatividade.

Por iso, a metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. E nos cursos de bacharelato a metodoloxía favorecerá o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación así como o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes. Nesta etapa afondarase nas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado e daráselle prioridade a aquelas competencias máis deficitarias do alumnado.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

-A metodoloxía será dinámica e participativa. Así fomentárase e primárase a aprendizaxe por descubrimento e experiencia que dinamiza o grupo-clase e recórrerase menos ás exposicións maxistras que poden levar á recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión. Por outra banda, consideramos que o traballo individual é preciso en actividades que serven para asentar coñecementos concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais a sociedade actual demanda cada vez máis cidadás, cidadáns e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que se traballe tamén con actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo-clase. Tamén se levan a cabo actividades que admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente. Se ben para este mester é necesario dispor de aulas amplas ou cun número non excesivo de alumnos, o que non adoita acontecer no noso centro.

-Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade fundamental que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso rexeitar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais. Isto lévanos á aprendizaxe a través das competencias, isto é, do saber facer e non só do saber; tal como se recolle na LOMCE e como recomendan as directrices educativas da Unión Europea.

As principais apostas a nivel educativo da Unión Europea son o reforzo de programas que faciliten a aprendizaxe ao longo de toda a vida e o paso da adquisición de conceptos (saber) á adquisición de competencias (saber facer). Esta aprendizaxe ao longo de toda a vida está intimamente relacionada coa posta no punto de mira das competencias clave. Aprender durante todo o noso periplo vital significa estarmos dispostos/as a nos adaptar a novos modelos de aprendizaxe e a novos coñecementos en función das nosas necesidades persoais, sociais, laborais etc., dado que a aprendizaxe das competencias -nomeadamente da lingüística- será constante ao longo de todo o noso percorrido vital.

-Integrar nas unidades ferramentas TIC, a través de actividades que obriguen á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela, dado que a sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información.

-Traballar de maneira coordinada co profesorado de cada grupo, co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo. Estas liñas metodolóxicas xerais, coincidentes co que se enuncia no Decreto,

concrétanse en estratexias, medidas e accións coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos de cada etapa.

Achegamos a continuación unha relación esquemática -non exhaustiva- que dá conta dalgunhas desas estratexias, medidas e accións:

- 1.Actividades diversificadas e organizadas por niveis de dificultade de modo que fomenten a autonomía do alumnado e estimulen a iniciativa persoal.
- 2.Actividades que impliquen participación, tanto a nivel individual como en parella ou en grupo reducido, de xeito que favorezan o intercambio respectuoso de ideas e o espírito crítico e cooperativo.
- 3.Aprendizaxe cooperativa, tanto en actividades dos propios libros de texto coma en proxectos específicos que o profesorado propón, este tipo de aprendizaxe permite ao alumnado traballar máis dunha competencia ao mesmo tempo. En todos os casos, estes traballos deben ser pautados polo docente, tanto para a súa elaboración como para a presentación dos mesmos.
- 4.Aprendizaxe-investigación fóra da aula que favorece a iniciativa emprendedora e aproxima o alumnado á realidade social e cultural da súa contorna.
- 5.Atención necesaria e específica á oralidade dado o perfil sociolingüístico do alumnado que, ademais, non percibe esta competencia como un dos aspectos fundamentais da materia.
- 6.Modelo discursivo e expositivo combinado co modelo máis experimental: exemplos cotiáns, actividades prácticas e experienciais, descubertas a partir dos textos, etc.
- 7.Fomento da lectura na aula e fóra dela para tentar crear lectores e lectoras competentes e implicados no proceso de lectura: textos literarios e non literarios, escritos ou orais. Os libros de lectura deben axeitarse á idade dos alumnos e alumnas e na medida do posibles aos seus gustos.
- 8.Fomento da creatividade (contos, poemas etc.) e participación en concursos, revistas ou outros soportes.
- 9.Promoción da consulta de fontes de información, tanto en medios tradicionais coma aplicando as novas tecnoloxías.
- 10.Emprego de recursos do propio centro (biblioteca escolar, exposicións etc.) e da súa contorna.
- 11.Mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica cando se detecten dificultades de aprendizaxe.
- 12.Propiciación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.
- 13.Fomento da tolerancia, promovendo un clima civilizado e de respecto nos diálogos, ideas, puntos de vista, actitudes, crenzas propias e alleas (educación en valores).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Exercicios e actividades elaborados polo propio docente
Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise
Libros de lectura
Libros e obras de consulta da biblioteca

Prensa cotiá
Dicionarios en papel e dixitais
Páxinas web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade
Películas, curtametraxes e DVDs
Encerado dixital

Todo o alumnado que cursa esta materia dispón de diversos tipos de dicionarios (lingua galega, bilingües, sinónimos e antónimos), manuais de consulta, material audiovisual e informático dentro da súa aula (as aulas teñen acceso a Internet). Na biblioteca escolar do centro, á parte do material informático (varios ordenadores de sobremesa), tamén teñen á súa disposición prensa escrita (diferentes xornais e revistas), outro material de consulta e numerosas obras literarias de ficción.

Debe asistir á clase con el e dispoñer del na súa casa para o estudo e a realización das tarefas que, a partir do material exposto nas aulas, se lle sinalen.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba de avaliación inicial para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e ao mesmo tempo podermos detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

Canto ao modelo de avaliación inicial, empregarase un modelo de proba bastante parecido en todos os cursos, pero centrándose no grao mínimo esixible en cada un dos cursos. A proba constará das seguintes partes:

-Avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto, habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral.

-Cuestión sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: lingua, sociolingüística e literatura.

-Cuestións de tipo máis persoal que axuden a descubrir as potencialidades do alumnado: preferencias, afeccións, aptitudes... Todo aquilo que nos axude a deseñar actividades que poidan ser do seu agrado e así conseguir a súa motivación.

-Breve cuestionario sobre o uso da lingua galega nos diferentes ámbitos: familiar, educativo...

Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar as deficiencias máis evidentes en canto ás destrezas lingüísticas máis básicas: entender, expresar, ler e escribir. A partir desta información deseñaremos as actividades para o desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	10	20	10	30	100
Proba escrita	100	0	0	0	100	60

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	10	20	10	30	100
Táboa de indicadores	0	100	100	100	0	40

Cráterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redonda na presenza dunha gran porcentaxe no valor das táboas de indicadores, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación. Así e todo, a puntuación mínima esixida para superar a avaliación será de 5 puntos, que, no caso de 2º de ESO, se obterán do xeito seguinte:

-O 45% da puntuación de cada avaliación virá das probas escritas (polo menos unha por avaliación).

-Un 15% virá da lectura dun libro por avaliación. Comprobarase que o libro foi lido e entendido polo alumnado mediante un control de lectura ou un traballo sobre o mesmo (10%), así como unha presentación oral (5%). Nesta porcentaxe tamén poderán entrar noções sobre tipos de textos. A rúbrica para corrixila será coñecida polo alumnado.

-Outro 10% da puntuación avaliará a competencia en comunicación oral mediante diario de aula das intervencións que o alumnado vaia facendo ao longo do trimestre.

-O 30% restante da puntuación avaliará a competencia en comunicación escrita, mediante traballos avaliábles da aula (15%) como da casa (15%). Tanto para a elaboración dos textos escritos como para a realización de pequenos proxectos, as rúbricas serán coñecidas polo alumnado.

Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

--- Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 2º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 2º de ESO.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Segundo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 2º de ESO lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

--- Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas. O peso de cada unha das avaliacións para a avaliación final é o seguinte: primeiro trimestre (30%), segundo trimestre (30%) e terceiro trimestre (40%). Se a cualificación é superior a 5 poderanse sumar ata 0,5 puntos por actividades voluntarias (véxase o apartado 7.2. Actividades complementarias).

--- Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres, sempre e cando en ningunha delas haxa unha nota inferior a 3.

--- Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Criterios de recuperación:

Unha vez feita a primeira avaliación, aplicaráselle medidas de reforzo a todo aquel alumnado que se vexa susceptible de ter dificultades para seguir con éxito a materia. Non obstante, se se ve que o alumno/a non acada o aprobado por outros motivos (non entrega as tarefas pedidas, está moi cerca de conseguir superar a materia...) esperarase á segunda avaliación.

CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando consciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	É quen de respetar a diversidade cultural, social e relixiosa do mundo que lle toca vivir.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Valora o patrimonio cultural, artístico e literario da fe cristiá e as súas achegas.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñece as características das 5 grandes relixións e as súas aportacións á historia da humanidade.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá. Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón. Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura. Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.

Contidos

- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.
- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.
- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.
- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.
- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.
- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.
- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.
- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.
- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.
- Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias crave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan una ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución leve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o apreso en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo

individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendimento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversos linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As orientacións metodolóxicas e cara a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais

Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da asignatura ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc.

Recursos materiais: Libro de texto. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

Recursos tecnolóxicos Ordenadores, encerados dixitais, proxectores...

Recursos dixitais: Plataformas. Aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia de oferta obrigatoria para o centro educativo pero de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é preciso que acredite coñecementos previos.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	15	10	10	15	15	100
Proba escrita	0	30	25	15	45	35	60	50	32
Táboa de indicadores	100	70	75	85	55	65	40	50	68

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

50% corresponderá a unha proba escrita sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

O restante 50% repartirase do seguinte xeito:

30% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumno e será medido a través de rexistros de control

10% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia

10% corresponderá ao caderno de clase que deberá estar completo e correxido.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior.

A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións que suporá o 100%

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación dos alumnos é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumno se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións non acade a nota de 5 despois do redondeo programárase traballo de recuperación encamiñado a que o alumno supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

De ser o caso de que o alumnado suspenso se matricule na asignatura o ano seguinte, a superación da materia nun curso superior, supón o aprobado, obtendo a mesma nota, no curso inferior.

No caso de que o alumno ou alumna non se matricule no curso seguinte na asignatura, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumnado suspenso deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivos e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, elaborárase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, prácticas sostibles	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro , Día Internacional da Paz, semanas culturais	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida dos resultados das probas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Atención adecuada á diversidade so alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado

Descrición:

Se como profesor ou profesora reflexionei e avalei a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiver en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a

resultados de probas senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguemento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguemento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía e Dixitalización	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A materia de Tecnoloxía e Dixitalización é necesaria para valorar a achega fundamental da tecnoloxía na sociedade actual e comprender a importancia de utilizala dun xeito crítico, responsable e sostible. Nun mundo cada vez máis dixitalizado, a materia contribúe a mellorar a competencia dixital do alumnado tratando que utilice o gran potencial das ferramentas dixitais, pero sen deixar de lado a seguridade, a ética e o benestar.

O principal eixe do proceso de ensino e aprendizaxe será o desenvolvemento de proxectos que resolvan problemas concretos, aplicando os contidos da materia. Así mesmo incorporaranse as tecnoloxías dixitais e potenciarase o pensamento computacional, coma bases destacables neste proceso. Trátase de que o alumnado traballe coñecementos científicos e técnicos, desenvolvendo ideas e solucións cunha actitude creativa, emprendedora e de cooperación así coma crítica e comprometida coa sostibilidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.	3		2	1-4	4		1	
OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.	1		1-3	3	3-5		1-3	
OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.			2-3-5	5	1		3	3
OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.	1		4	3				3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.		2	1-3	5	5		3	
OBX6 - Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.		2		2-4-5	4-5			
OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.			2-5	4		4		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A tecnoloxía	Introdución a tecnoloxía	3	3	X		
2	Deseño e fabricación	Conceptos básicos de debuxo técnico para o deseño de produtos.. Uso básico de aplicacións CAD para a representación gráfica no deseño de produtos. Iniciación ao deseño 3D	12	15	X	X	
3	Ofimática e utilización das TIC no proceso tecnolóxico	Documentar e presentar or documentos técnicos utilizando ferramentas dixitais	12	12	X	X	
4	Proxecto mecanismos. Documentación	Deseño e fabricación dun sistema mecánico que resolva un problema proposto	18	18		X	X
5	Proxecto electricidade e electrónica. Documentación.	Aplicación dos circuitos eléctricos e compoñentes electrónicos ao sistema creado na unidade anterior	20	22	X	X	X
6	Programación	Resolución de problemas mediante algoritmos.	15	15		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Programación	Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenador	15	15		X	X
7	Sistemas de control e robots	Programación dun robot mediante simulación	20	20		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A tecnoloxía	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Comprender e analizar obxectos tecnolóxicos sinxelos.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental ao longo da súa historia, identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	Recoñecer a influencia da tecnoloxía na sociedade. Comprender a importancia dun desenvolvemento sostible.		
CA1.4 - Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	Identificar as tecnoloxías emerxentes e a súa influencia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. - Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental. - Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes e sostibles.

UD	Título da UD	Duración
2	Deseño e fabricación	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Diseñar un obxecto sinxelo mediante ferramentas de fabricación dixital, respectando as normas de seguridade e saúde.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuitos e planos. - Deseño de obxectos sinxelos en 3D. - Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte.

UD	Título da UD	Duración
3	Ofimática e utilización das TIC no proceso tecnolóxico	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Utilizar de xeito eficiente e seguro distintos dispositivos dixitais para resolver problemas. Identificar riscos para a seguridade de datos e equipos.	TI	100
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada e segura.		
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Protexer os dispositivos e datos utilizados no desenvolvemento do traballo. Identificar e evitar os riscos para a súa saúde derivados do mal uso da tecnoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos. - Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico. - Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propiedade intelectual e etiqueta dixital. - Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade. - Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques. - Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).

UD	Título da UD	Duración
4	Proxecto mecanismos. Documentación	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%		
CA3.1.1. - Coñecer conceptos sobre mecanismos, para deseñar e fabricar sistemas mecánicos que solucionan un problema.	Coñecer conceptos sobre mecanismos, para deseñar e fabricar sistemas mecánicos que solucionan un problema.	PE	50		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto de maneira crítica e fiable.				
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións eficaces que resolvan un problema proposto con actitude emprendedora e creativa.				
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaboradora.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto. Planificar as tarefas necesarias para dar solución a un problema proposto.				
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.			TI	50
CA2.4 - Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.				
CA3.1.2. - Deseñar e fabricar sistemas mecánicos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e fabricar sistemas mecánicos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.				
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais e empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Representar e presentar o proceso de creación de documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais.				

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais, adoptando medidas para a protección de datos e equipos..		
CA3.1 - Diseñar e fabricar sistemas mecánicos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información para a investigación e a definición de problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e mantemento de ferramentas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte. - Análise do funcionamento de mecanismos de transmisión e transformación do movemento e as súas aplicacións prácticas. Cálculos sinxelos de relación de transmisión e velocidades aplicados a proxectos. - Deseño de sistemas que incorporen mecanismos, circuítos eléctricos e electrónicos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxectos. - Vocabulario técnico apropiado. - Habilidades básicas de comunicación interpersonal. Pautas de conduta propias da contorna virtual. - Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.

UD	Título da UD	Duración
5	Proxecto electricidade e electrónica. Documentación.	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Coñecer conceptos sobre electricidade, electrónica e magnetismo, para deseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos que resoven un problema.	Coñecer conceptos sobre electricidade e electrónica, para deseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos que resoven un problema.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto de maneira crítica e fiable.		
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións eficaces que resolvan un problema proposto con actitude emprendedora e creativa.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaboradora.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto. Planificar as tarefas necesarias para dar solución a un problema proposto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA2.4 - Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	TI	50
CA3.2.2. - Deseñar e montar circuítos eléctricos, magnéticos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais e empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Representar e presentar o proceso de creación de documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais.		
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais, adoptando medidas para a protección de datos e equipos..		
CA3.2 - Deseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información para a investigación e a definición de problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - interdisciplinaria. - Uso e mantemento de ferramentas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte. - Circuitos eléctricos básicos. Montaxe e/ou simulación de circuitos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Cálculos de magnitudes eléctricas básicas aplicados aos proxectos. - Introducción á electrónica. Montaxe e/ou simulación de circuitos electrónicos sinxelos. - Deseño de sistemas que incorporen mecanismos, circuitos eléctricos e electrónicos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxectos. - Vocabulario técnico apropiado. - Habilidades básicas de comunicación interpersoal. Pautas de conduta propias da contorna virtual. - Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.

UD	Título da UD	Duración
6	Programación	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos e/ou retos de robótica, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Dar solución a problemas informáticos e/ou retos de robótica, aplicando a programación.	TI	100
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas para distintos dispositivos (ordenadores, dispositivos móbiles e outros) empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición e módulos de intelixencia artificial que engadan funcionalidades.	Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada. Coñecer as bases da intelixencia artificial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador e/ou dispositivos móbiles. - Introducción á intelixencia artificial. - Sistemas de control programado: programación sinxela de dispositivos. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
7	Sistemas de control e robots	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.1. - Coñecer conceptos sobre sistemas de control e robots, para deseñalos e montalos mediante a incorporación dos sensores, actuadores e elementos de control.	Coñecer conceptos sobre sistemas de control e robots, para deseñalos e montalos mediante a incorporación dos sensores, actuadores e elementos de control.	PE	30
CA3.3.2. - Deseñar e montar sistemas de control e robots mediante a incorporación dos sensores, actuadores e elementos de control necesarios para a resolución de problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e montar sistemas de control e robots mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución de problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	TI	70
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e sistemas, coa posibilidade de conexión a Internet, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar procesos, máquinas e sistemas mediante a programación de robots e sistemas de control.		
CA3.3 - Deseñar e montar sistemas de control e robots mediante a incorporación dos sensores, actuadores e elementos de control necesarios para a resolución de problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compoñentes e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: estrutura, mecánica, sensores, actuadores, controladores e alimentación. - Deseño e montaxe de sistemas de control ou robots para a resolución de problemas técnicos. - Introducción á Internet das cousas (IoT). - Fundamentos da robótica: control programado de robots de maneira física ou por medio de simuladores. Resolución de retos e desafíos de robótica sinxelos. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, automáticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os

retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D.
Dispositivos de robótica.
Compoñentes para sistemas de control programados: sensores, actuadores, placas controladoras . En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase hardware libre.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro ou do plan Edixgal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Se fora preciso por cambio de profesor, nas primeiras semanas do curso, realizarase un cuestionario acerca das competencias adquiridas en 1ºESO relacionadas coa tecnoloxía e dixitalización.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	12	12	18	20	15	20	100
Proba escrita	0	0	0	50	50	0	30	25
Táboa de indicadores	100	100	100	50	50	100	70	75

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. A TECNOLOXÍA

- Procedemento de avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100%. Criterios de avaliación avaliados: CA1.2, CA1.3, CA1.4

UD 2. DESEÑO E FABRICACIÓN

- Procedemento de avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD:100% Criterios de avaliación avaliados: CA2.4

UD 3. UTILIZACIÓN DAS TIC NO PROCESO TECNOLÓXICO

- Procedemento de avaliación: Tarefas de clase . Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD:100% Criterios de avaliación avaliados: CA5.2, CA5.3, CA5.4, CA5.5

UD 4. PROXECTO MECANISMOS

- Procedemento de avaliación: Proba obxectiva escrita. Instrumento de avaliación: Proba escrita. Peso no total da UD:50% Criterios de avaliación avaliados: CA3.1.1
 -Procedemento de avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD:15% Criterios de avaliación avaliados: CA5.1, CA5.2
 - Procedemento de avaliación: Proxecto técnico. Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD:30% Criterios de avaliación avaliados:CA1.1, CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA2.4.CA3.1.2

UD 5. PROXECTO ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

- Procedemento de avaliación: Proba obxectiva escrita. Instrumento de avaliación: Proba escrita. Peso no total da UD:50% Criterios de avaliación avaliados: CA3.2.1
 -Procedemento de avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD:15% Criterios de avaliación avaliados: CA5.1, CA5.2
 - Procedemento de avaliación: Proxecto técnico. Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD:35% Criterios de avaliación avaliados:CA1.1, CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA2.4, CA3.2.2

UD 6. PROGRAMACIÓN

- Procedemento de avaliación: tarefas de clase. Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD:40% Criterios de avaliación avaliados: CA4.1
 - Procedemento de avaliación: Proxecto . Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores. Peso no total da UD: 60%. Criterios de avaliación avaliados: CA4.2

UD 7. SISTEMAS DE CONTROL E ROBOTS

- Procedemento de avaliación: Proba obxectiva escrita. Instrumento de avaliación: Proba escrita. Peso no total da UD:30% Criterios de avaliación avaliados: CA3.3.1
 - Procedemento de avaliación: Tarefas de clase e proxecto . Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores.

Peso no total da UD: 70% Criterios de avaliación avaliados: CA3.2.2, CA4.3

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = 30% 1ªaval + 30% 2ªaval + 40% 3ªaval.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesor concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada proba escrita obxectiva realizarase unha segunda de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior ao 50% do máximo na primeira proba, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario co obxectivo de mellorar nota.

A cualificación final será a media das cualificacións das tres avaliacións parciais, efectuando o redondeo, se fose preciso, conforme a tendencia da última avaliación.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica, ou agrupadas de maneira temática. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que promocionou de curso e que teña a materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 2º ESO pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, deberá realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse tres probas escritas parciais, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.
- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas escritas parciais 80% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 20% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor ou profesora que imparta clase en 2º da eso será o encargado de facer o seguimento do traballo do alumno.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento.
- Adaptacións curriculares.
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.).

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita.	X		X	X	X		
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual.				X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital.		X	X		X	X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X		X	X	X	X
ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X			X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores.			X	X	X		X
ET.8 - ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - Creatividade.				X	X	X	X
ET.10 - ET.10 - Educación para a saúde.		X	X	X	X		X
ET.11 - ET.11 - Formación estética.		X		X	X	X	X
ET.12 - ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X		X	X	X		X
ET.13 - ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.		X	X	X	X		X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.	X	X	X

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.

Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

Farase un seguemento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

Esta programación comprende niveis da ESO e Bacharelato e materias do Departamento de Xeografía e Historia nun momento no que nos atopamos en pleno proceso de implantación da LOMLOE, e polo tanto nun proceso de adaptación a novos currículos.

A modo de introdución expoñemos os obxectivos que de forma xeral han de guiar o traballo do Departamento en todos os niveis e materias, aínda que cada materia responde a uns obxectivos específicos que se detallarán no seu apartado correspondente.

1.- Tratarase de inculcar nos nosos alumnos un coñecemento dos feitos históricos e xeográficos que estimulen a capacidade de razoar, de relacionar acontecementos e de adquirir un pensamento crítico que lles prepare e capacite para comprender o presente, isto entendémolo no sentido pedagóxico que Pierre Vilar asigna á Historia, cando di que esta debe servir, en primeiro lugar, para “ler o xornal.”

2.- A metodoloxía idónea baséase na construción de coñecementos de xeito progresivo. Outórgase un protagonismo especial á práctica directa mediante a utilización de recursos didácticos específicos propoñendo que o alumno observe e interprete os feitos xeográficos, históricos e artísticos a través de textos imaxes mapas ou informacións estatísticas. O compromiso co Plan de Fomento da lectura se plasmará no desenvolvemento das técnicas instrumentais básicas lectura comprensiva e destacando a iniciación á análise e comentario de documentos históricos e xeográficos. Trataremos de motivar a lectura recomendando aos nosos alumnos lecturas apropiadas para cada nivel.

3.- Os contidos das materias terán en conta os materiais existentes na contorna xeográfica e histórica fomentando a motivación dos alumnos para o estudo.

A estrutura e gradación dos contidos de cada nivel axustaranse a estas prioridades:

1.- Nos primeiros cursos a explicación da materia farase atendendo aos aspectos máis descritivos, sen pretender afondar en relacións lóxicas. Traballarase basicamente con procedementos e técnicas facilitando a comprensión e asimilación de contidos mínimos.

O primeiro curso dedícase polo que á Xeografía refírese, ao estudo da Terra e os medios naturais, con especial atención á relación entre o home e o espazo físico. O estudo histórico céntrase na evolución das sociedades prehistóricas desde as súas orixes ata a Idade Antiga. Nun ámbito espacial mundial e particularmente europeo, ibérico e galego.

En segundo inclúese o estudo das características e tendencias da poboación mundial e en especial a española, galega e a europea. Á súa vez analízase a Idade Media e a Idade Moderna, dando especial relevancia á monarquía hispánica, a colonización de América e a loita pola hexemonía europea.

2.- Nos cursos máis avanzados acentuaranse as esixencias en canto a explicación e memorización de contidos.

En terceiro predominan os aspectos xeopolíticos e económicos. Os contidos teóricos xenerais combinaranse con aplicacións e exemplos ao ámbito local e rexional. En cuarto curso se sintetizan a evolución histórica desde o século XVIII ata a actualidade. Farase fincapé na historia contemporánea española e galega.

3.- No Bacharelato, tanto para as materias optativas como para as obrigatorias, as prioridades centraranse en desenvolver os temarios establecidos no currículo oficial. Dende un punto de vista xeral, dado que cada materia especifica a súa distribución de contidos, debe insistirse en que a dinámica do grupo-clase servirá ao profesor para marcar o ritmo e introducir as modificacións pertinentes na programación que quedarán reflectidas na memoria de final de curso.

Contextualización

O IES “Macías o Namorado” atópase na vila de Padrón. Consta aproximadamente de algo máis de 53 profesores que imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato e Ciclos formativos a uns 450 alumnos no curso actual. O alumnado deste centro procede basicamente do núcleo de Padrón, e de concellos limítrofes: Carcacia, Rois, Dodro, Cesures, Herbón, Extramundi e Valga.

Na vila hai outro IES (“Camilo José Cela) e Padrón conta con unha biblioteca municipal. Tamén o noso centro conta tamén con unha biblioteca, cunha grande dotación de libros. A pesares destes medios, detectamos pouco hábito lector no alumnado.

O centro conta con pizarras dixitais en practicamente tódalas aulas, ordenador e canón en todas elas. A meirande parte do alumnado conta cun ordenador na casa e está moi familiarizado co uso das novas tecnoloxías.

O alumnado caracterízase por ter bo comportamento, sendo moi infrecuente as condutas disruptivas; no entanto, e con carácter xeral, é un alumnado que carece de hábitos de estudo, e que tende a non esforzarse... carencias que sobre todo se detectan na ESO nos últimos anos.

Con respecto aos hábitos lingüísticos, son moitos os alumnos cuxa lingua materna é o galego, e o manexan con fluidez.

Contextualización lexislativa

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Orden de 25 de enero de 2022, por la que se actualiza la normativa de avaliación en las ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia xa vixente dende o curso anterior será o referente empregado para avaliación das materias.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A pegada andalusí	Estudo dos comezos da Idade Media, a chegada dos pobos xermánicos e das súas	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A pegada andalusí	aportacións histórico-artísticas. Coñecemento da civilización musulmá e do seu legado.	10	10	X		
2	Guerrear, orar ou cultivar a terra	Estudo dos rasgos socioeconómicos e artísticos da Europa feudal no seu periodo altomedieval.	10	10	X		
3	Por camiños e murallas	Análise dos rasgos da Europa baixomedieval e dos cambios acontecidos nela: renacer urbano, comercial, etc. Estudo da arte do periodo: o gótico.	10	9	X		
4	Conquista e repoboamento	Estudo dos reinos cristiáns na Península Ibérica. O reino de Galicia durante a Idade Media.	10	10		X	
5	Novos mundos, antigas culturas	Estudo dos comezos da Idade Moderna en Europa e España. O descubrimento de América.	10	10		X	
6	Erasmus, mestre do Humanismo	Análise dunha nova forma de entender o mundo: o Humanismo. A arte do periodo: o Renacemento. A rutura da unidade relixiosa e a súa réplica: Reforma e Contrarreforma.	10	10		X	
7	Luces e sombras dun Imperio	Estudo da época dos Austrias en España: aspectos políticos, económicos, sociais e artísticos.	10	9		X	
8	O pazo, símbolo do poder absoluto	Análise do século XVII en Europa: monarquías absolutas, parlamentarismo; guerras e cambios económicos. A arte Barroca como símbolo de emoción e propaganda.	10	9			X
9	A loita contra o cambio climático	Análise dos factores que están a provocar o cambio climático e posibles solucións ao problema do quecemento global.	5	9			X
10	Un crecemento desigual	Estudo da poboación mundial.	5	9			X
11	Cada vez máis e máis grandes	Análise dos aspectos urbanos (estrutura urbana, morfloxía, planos urbanos) e da importancia da cidade no mundo actual.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A pegada andalusí	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Enumera as distintas civilizacións que se deron ao longo da Idade Media e o legado que nos transmitiron.	PE	100
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Emprega textos, imaxes ou gráficas para extraer as aportacións que nos deixaron as distintas civilizacións do período altomedieval.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora o papel da muller nos inicios da Idade Media.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Aprende a distinguir fontes primarias e secundarias para obter información e contrastala cos feitos históricos do momento.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un eixe cronolóxico cos feitos máis destacables do período altomedieval empregando o vocabulario específico da materia.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Aprende o proceso de continuidade na Historia sen rupturas bruscas na evolución dos acontecementos.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Analiza o papel dos pobos xermánicos en España e Galicia, valorando o seu patrimonio histórico e artístico.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Analiza a estrutura das sociedades deste período prestando atención a aqueles grupos con menos poder e representación.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Relaciona a herdanza que nos deixaron os pobos xermánicos, o Imperio bizantino, o Islam con especial atención á Al-Ándalus na Península Ibérica.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Enumera os trazos da arte dos pobos xermánicos, de Bizancio e dos musulmáns empregando vocabulario adecuado á historia da arte. Valora a aportación do patrimonio artístico e a necesidade de conservalo e protexelo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza a situación dos distintos colectivos relixiosos minoritarios denunciando situacións que poidan ser discriminatorias.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Sinala as relacións que se deron no Toledo medieval entre as tres relixións como exemplo de convivencia pacífica.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Elabora unha listaxe con actitudes que se consideran discriminatorias cara a calquera colectivo.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Indica o papel dos pobos xermánicos en canto á construción da identidade de Europa atendendo especialmente ao reino visigodo en Hispania e suevo na Gallaecia.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Analiza criticamente as relacións de poder e as relacións de superioridade duns grupos sobre outros neste período histórico que se estuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

UD	Título da UD	Duración
2	Guerrear, orar ou cultivar a terra	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Valora a gran aportación do estamento non privilexiado na sociedade medieval para manter a economía e denuncia a situación de explotación á que se vían sometidos.	PE	100
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Aprende a usar distintas fontes de información para extraer información do periodo histórico que se estuda.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Analiza a sociedade e a economía do periodo medieval.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un eixe cronolóxico cos principais feitos deste periodo medieval.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Mostra os rasgos de coincidencia entre a Europa feudal e a España e Galicia medieval.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Destaca o papel da muller e dos grupos máis desfavorecidos no periodo medieval.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Destaca o papel do estamento eclesiástico en prol da cultura na Idade Media.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Analiza os trazos da arte románica empregando o vocabulario apropiado e comenta obras de arte seguindo un esquema de análise guiado.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Enumera os grupos sociais da Idade Media e valora analiza as funcións dos distintos estamentos que conformaban a sociedade.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Aprende a escoitar de forma proactiva aos grupos minoritarios e esquecidos neste periodo.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza o papel da cultura e das achegas culturais que se realizaron no periodo feudal.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Busca as raíces medievais na España e Galicia actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.

Contidos

- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.
- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
3	Por camiños e murallas	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Indica, tendo en conta o que se estuda nesta unidade, os efectos económicos e sociais que provoca unha pandemia; relaciona a Peste Negra co recente Covid.	PE	100
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Emprega as fontes históricas para coñecer porqué se produce o renacer urbano e como eran as cidades medievais.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un eixe cronolóxico cos feitos fundamentais do periodo baixomedieval.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comenta como vivían os habitantes dunha cidade medieval empregando o exemplo de Toledo.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Indica as relacións de poder existentes neste periodo, quen tiña o poder e quen eran os silenciados por este.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Analiza os trazos da arte gótica en todas as súas manifestacións artísticas: arquitectura, escultura e pintura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza con detalle o desenvolvemento da Peste Negra e como afectou a Europa.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Analiza neste período baixomedieval a ausencia de liberdade e de dereitos no marco dunha sociedade estamental na que era moi difícil a mobilidade social.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Manifesta empatía cara os grupos máis humildes e desfavorecidos neste período medieval e cómo eles se viron máis afectados pola pandemia que asolou Europa.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Ingada e procura información sobre os concellos das cidades que se desenvolven neste período estudado e indica o legado que segue vixente na actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
4	Conquista e repoboamento	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a diversidade cultural da que se compón España na actualidade e comprende as orixes de tal heteroxeneidade.	PE	100
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Coñece os procesos de "reconquista" e "repoboación" e os distintos reinos cristiáns e a pugna entre estes e os musulmáns.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Comenta como evolucionaron os distintos reinos cristiáns na Idade Media na Península.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Coñece os rasgos da arte románica e gótica peninsular.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Valora a importancia do Camiño de Santiago como marco de convivencia pacífica entre os peregrinos e as achegas culturais e económicas que nos legou.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza como era a convivencia dos distintos grupos relixiosos que habitaban a Península Ibérica nos tempos da Reconquista e tira conclusións sobre a convivencia pacífica e o respecto que se deu en moitos lugares entre xudíos, cristiáns e musulmáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.

UD	Título da UD	Duración
5	Novos mundos, antigas culturas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a gran diversidade cultural que tiña América á chegada de Colón, aprende da súa cultura e valora a súa importancia.	PE	100
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Aprende cómo cambiou Europa na Idade Moderna a través de fontes primarias e redacta un informe cos principais acontecementos e a súa evolución.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Analiza o cambio histórico que supuxo a monarquía dos Reis Católicos.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora un informe que recolla as viaxes realizadas polos descubridores no Novo Mundo.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Analiza cómo se organizou en política a monarquía autoritaria e sinala as diferencias importantes respecto á monarquía actual.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Aprende a ver como os pobos precolombinos tiñan uns trazos moi distintos aos europeos, descríbeos, e indaga como estes pobos construíron grandes pirámides.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

Contidos

- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.

UD	Título da UD	Duración
6	Erasmus, mestre do Humanismo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece como o Humanismo da Idade Moderna ofreceu unha nova visión do ser humano e como cos principios desta corrente se poden paliar moitos dos problemas que afectan ás sociedades actuais.	PE	100
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Descobre os trazos do Humanismo a través de fontes primarias e valora a gran importancia que supuxo a imprenta.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Observa en España e Galicia a pegada do Humanismo e analiza a pegada da arte renacentista no noso territorio.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza o nacemento da igrexa protestante e das ideas de Martiño Lutero e a reacción da Igrexa católica ante a nova relixión que emerxía na Europa de Idade Moderna.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Coñece os trazos da arte Renacentista nas súas distintas manifestacións: arquitectura, escultura e pintura.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Coñece algunha idea dos pensadores da Idade Moderna en canto á organización política e en canto ao antropocentrismo propio deste momento.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Valora a importancia do Humanismo e da arte do Renacemento no marco da Unión Europea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.

UD	Título da UD	Duración
7	Luces e sombras dun Imperio	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece cómo foi o proceso do descubrimento, conquista e organización de América e as consecuencias que acarreeu dito proceso dende unha posición crítica e proactiva cara a poboación que se atopaba no Novo Mundo.	PE	100
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza a monarquía hispánica deste periodo moderno e relaciona os principais acontecementos.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora unha síntese sobre a arte moderna en España que recolla os trazos básicos da arquitectura, escultura e pintura realizando grupos de traballo e expón na aula os seus resultados. Analiza o patrimonio artístico español e a súa necesidade de conservalo propondo medidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.

UD	Título da UD	Duración
8	O pazo, símbolo do poder absoluto	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza as consecuencias e as repercusións que xera unha guerra ou conflito sobre a poboación civil empregando como pretexto as guerras que se produciron en Europa no século XVII (Guerra dos Trinta Anos, etc)	PE	100
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Observa calquera conflito actual (guerra de Israel e Palestina) para poñer en relación as guerra co sufrimento da poboación civil.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Analiza os rasgos da monarquía absoluta en Europa.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un eixo cronolóxico do século XVII en Europa.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Analiza como se integrou Galicia na monarquía hispánica		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Procura información sobre distintos personaxes galegos da Idade Moderna que non tiveran ate o momento o oco que lle corresponde.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza as repercusións que tivo en Galicia e o galego a incorporación á monarquía hispánica.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Coñece os rasgos da economía e sociedade do antigo réxime e a marxinación que podían sufrir os grupos non privilexiados		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Coñece os trazos da arte barroca europea para considerala un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o crecemento dos pobos.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Debate cos teus compañeiros a diferenza entre absolutismo e parlamentarismo, entre cidadán e súbdito.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Coñece os rasgos do parlamentarismo, onde xurdiu, cal foi a contraposición co absolutismo e que aportou este á idea de Europa.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Observa a importancia de manter e cumprir as normas para o normal desenvolvemento das relacións persoais en clase ou fóra dela.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Coñece como se produciu a revolución científica e que aportes legou á cidadanía europea.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Analiza costumes da Idade Moderna e como foron evolucionando ata a actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
9	A loita contra o cambio climático	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza as repercusións do cambio climático en todos os niveis prestando especial atención a cómo afecta aos seres humanos.	PE	100
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza que factores provocan o cambio climático.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende como o cambio climático aumenta as desigualdades no mundo que vivimos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Tira as consecuencias do quecemento global.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza cal podería ser o impacto climático no futuro e como se podería afrontar a emerxencia climática.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Define sustentabilidade e propón medidas cotiás para favorecela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
10	Un crecemento desigual	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Analiza a gráfica da transición demográfica e entende os seus ciclos. Analiza os retos aos que nos enfrontamos no réxime deomográfico moderno en España e en Galicia mediante o estudo das pirámides de poboación,	PE	100
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Coñece os indicadores que se utilizan para estudar a poboación e como se pode actuar sobre eles na procura de solucións que palien o cremento negativo das sociedades desenvolvidas.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Entende as características demográficas que presenta Europa, España e Galicia e cómo influiron os movementos migratorios no pasado e presente. Analiza os principais desafíos aos que se enfronta unha persoa que emigra ou que chega a un país mostrando empatía e solidariedade.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza cómo se distribúe a poboación no mundo e como afecta á distribución dos recursos.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Mostra empatía cara os colectivos máis vulnerables da sociedade (poboación anciá, inmigrantes, etc) coñecendo os problemas aos que se enfrontan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
11	Cada vez máis e máis grandes	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza os principais problemas urbanos das sociedades actuais mostrando empatía e propoñendo medidas para frealos.	PE	100
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Define conceptos relacionados co sistema urbano. Coñece a estrutura e a morfoloxía urbana a través de mapas ou planos urbanos.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia da cidade como ecosistema económico analizando as actividades que nela se desenvolven empregando a escala global ou local.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Estuda que podemos facer para termos una cidade máis limpa, sustentable, xusta e solidaria. Investiga que actuacións achegan as distintas institucións ou o Estado para paliar os principais problemas que se xeran nas urbes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du

Contidos

- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicárase un tempo á lectura na práctica docente.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

En todas as áreas da ESO empréganse todos os recursos dispoñibles nos libros de texto da Editorial Santillana e da Editorial Vicens Vives que veñen de ser renovados en todos os cursos.

Empreganse unha gran variedade de materiais ademais dos citados libros de texto: recursos da internet (youtube, webs educativas, google earth), cartografías, Atlas xeográfico e histórico, prensa escrita, filmes, audios, etc. En síntese, a aplicación dos recursos pódese concretar en:

- a elaboración de mapas conceptuais
- elaboración de algún tema a partir dunha bibliografía seleccionada
- comentario de algunha novela do contexto histórico
- análise de películas históricas
- análises de carteis propagandísticos
- interpretación e comentario de mapas históricos
- análise e comentario de obras de arte
- interpretación de documentos xeográficos, tales como os mapas do tempo, as pirámides de idades, os diagramas sectoriais dalgún aspecto da economía
- busca de páxinas web/internet dispoñibles sobre algún aspecto do currículo, fomentando desta maneira o uso e manexo das TIC

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole.

Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais. Así mesmo é recomendable unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas. Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado. É moi importante prestar atención á AVALIACIÓN INICIAL e ademais do dito anteriormente, este Departamento ten establecido un protocolo a seguir.

Entendemos a avaliación como unha ferramenta de mellora do rendemento e formación do alumnado e da metodoloxía, tácticas didácticas, actividades, etc... polo que avaliamos tanto o proceso de aprendizaxe como o proceso de ensino. Comezado o curso celebrarase a avaliación inicial que resulta fundamental para axustar as medidas necesarias en función das carencias do alumnado. Estará coordinada pola xefatura de estudos e participará o equipo docente xunto coa orientadora do centro. No deseño da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos:

- 1.- Características do alumno ou alumna en canto a: actitude, motivación, intereses, habilidades sociais, autoconceito.
 - 2.- Entorno socio-familiar: datos destacables que poidan influir no proceso de ensinanza aprendizaxe.
 - 3.- Contexto educativo incidindo en dous aspectos: aula e dinámica grupal na que vai desenvolver a aprendizaxe do alumno ou alumna e a súa historia escolar.
 - 4.- Competencia curricular nas áreas instrumentais (comprensión lectora, comprensión escrita, resolución de problemas) e coñecemento e procedementos básicos de Xeografía e Historia.
- Podemos empregar múltiples instrumentos: probas escritas, observación na aula os primeiros días de clase polo profesorado, entrevistas, informes de orientación, os propios informes individualizados do alumnado, a análise de produción do alumno e alumna (resumos, traballos, probas, caderno de clase, etc). Este coñecemento das características básicas do alumnado vai permitir tomar unha serie de decisións a adoptar relativas a:
- a) Planificar e programar as actividades docentes.
 - b) Tomar medidas de atención á diversidade na aula.
 - c) Escoller metodoloxías e estratexias didácticas e pedagóxicas a empregar.
 - d) Orientar a organización da aula, das actividades a desenvolver; en síntese da propia programación.

Con carácter xeral: - Repaso selectivo da materia do curso anterior durante unha semana. - Medidas de reforzo máis permanentes. - Aos alumnos/as con nivel baixo á media seralle facilitado un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	5	5
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios seguidos para a avaliación deben estar de acordo cos obxectivos propostos inicialmente e coas actividades programadas. Debe atender a comprobar a eficacia do proceso seguido e ver se os materiais e actividades propostos son os axeitados, para poder variarlos en caso necesario. Avaliarase o progreso do alumno/a, a programación e a metodoloxía empregada. A avaliación do alumnado deberá ser continua, comezando pola inicial, para comprobaros coñecementos previos, e seguindo pola formativa, durante todo o proceso, para finalizar por unha avaliación sumativa que indique o nivel de coñecementos acadado polos alumnos/as.

Deberá ter en conta a adquisición das competencias básicas, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación de cada materia. Ademais de continua, debe ser individualizada e orientadora, é dicir, debe permitir comprobar os coñecementos e as capacidades que acadada cada alumno/a, así como as súas dificultades para poder incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

Deberemos tamén avaliar as actividades realizadas (adquisición de novos conceptos, procedementos e actitudes), como se desenvolveu na aula a programación, as relacións de comunicación/participación establecidas dentro do grupo-clase, e aqueles aspectos da estrutura do centro de ensino que non facilitasen a participación de alumnos/profesores no proceso educativo.

Os recursos para avaliar, como indicamos, deberán ser variados, para así atender as diferentes características do alumnado.

Os integrantes do Departamento consideramos adecuados os seguintes:

Cualificación na ESO

Criterios de cualificación en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO

- Criterios para determinar as cualificacións trimestrais.

A cualificación de cada trimestre será o resultado da media ponderada cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

- Instrumentos de avaliación:

a) Probas escritas (exames) cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas.

Ponderación: 80%.

b) Exercicios (actividades realizadas na aula ou na casa) e o caderno de clase. O caderno de clase ou cada exercicio valorarase de 0 a 10 puntos. A nota de este apartado será unha media das cualificacións obtidas no caderno de clase e en cada un dos exercicios, valorando ademais da resolución os seguintes aspectos: presentación, redacción, contidos e ortografía

Ponderación: 20%.

A valoración de cada proba do (apartado a) farase de acordo cos criterios de cualificación e puntuación que se establecerán ao inicio de cada unha.

A valoración do apartado b realizarase con rúbricas que inclúan cando menos: presentación, redacción e contidos.

Do mesmo xeito, na valoración do caderno de clase teranse en conta: presentación, redacción, posta ao día (o caderno poderá ser revisado polo profesor en calquera momento) e contidos.

Cualificacións das avaliacións trimestrais na ESO.

As cualificacións trimestrais serán a media ponderada dos distintos instrumentos de avaliación citados no apartado

anterior.

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación consignaranse na acta e no boletín correspondentes. Cunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, sen prexuízo de que a nota mínima será de 1 punto.

A cualificación redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 4,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima será de 1 punto. Así, a unha cualificación trimestral de 4,5 corresponderalle 5 (SU) na cualificación da avaliación; a unha cualificación trimestral de 4,4 corresponderalle unha cualificación na avaliación de 4 (IN).

Para aprobar en calquera caso, deberase demostrar que se acadaron os contidos mínimos establecidos polo Departamento e as competencias básicas. En caso necesario, faranse reforzos ou outras actividades específicas.

O alumno que, na avaliación, obteña unha cualificación de 1, 2, 3 ou 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación.

- As probas de recuperación terán preferentemente lugar nos primeiros días do seguinte trimestre.

Cualificación da avaliación final da ESO.

Avaliación final (no mes de xuño). A cualificación final será a nota media das tres avaliacións trimestrais. Só a efectos de superación da materia se practicará o redondeo dende os 4,5 puntos, pero este redondeo non será de aplicación a outras cualificacións distintas do 4,5.

Considerarase superada a materia cando, logo de efectuado o redondeo establecido no apartado anterior, se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos. O docente poderá, se o considera, calcular esta nota empregando os decimais que o alumno obtivera na media ponderada de cada trimestre.

Con carácter xeral, para superar a materia requirírase a superación das tres avaliacións. No obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa sempre que a cualificación desta sexa de 4 puntos e a nota media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos.

A proba ou probas de recuperación final no mes de xuño versarán sobre as avaliacións parciais (1ª, 2ª ou 3ª) non superadas polo alumno, e se poderán xuntar nunha proba final se é o caso, atendendo aos mínimos esixibles fixados polo docente.

Criterios de recuperación:

- O alumno que, na avaliación, obteña unha cualificación de 1, 2, 3 ou 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación.

As probas de recuperación terán preferentemente lugar nos primeiros días do seguinte trimestre, coas parte da materia que non teña superada.

- A proba ou probas de recuperación final no mes de xuño versarán sobre as avaliacións parciais (1ª, 2ª ou 3ª) non superadas polo alumno, e se poderán unificar nunha proba final se é o caso, atendendo aos mínimos esixibles fixados polo docente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento

- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización
- g) Seguimento e avaliación
- g) Acreditación da información á familia

Este plan de reforzo individualizado deseñado polo profesor da materia incluírá a realización de actividades ao longo do curso, repartidas nos tres trimestres, insistindo sobre todo en traballos prácticos como resumes, esquemas, gráficos e mapas que serán entregados en datas concretas en cada periodo de avaliación. Este procedemento detallarase a inicios de curso nunha reunión co alumnado implicado e poderase recoller nunha Addenda a esta Programación logo do acordo do Departamento.

Os obxectivos, os contidos, os mínimos e os criterios de avaliación serán os mesmos co establecido nas programación dos distintos niveis.

O Plan consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais o alumnado ten a opción de realizar un exame escrito sobre as preguntas que se lle puideron proporcionar no citado cartafol. O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo suporá:

Cartafol 1ª Avaliación: o 33% da nota final

Cartafol 2ª Avaliación: o 33% da nota final

Cartafol 3ª Avaliación: o 34% da nota final

No caso de que o/a alumno/a non realizara os cartafoles ou non tivese unha cualificación suficiente para superar a materia, realizará unha proba escrita en base ás preguntas preparadas (se as houberse). A cualificación da proba escrita será a cualificación da avaliación ou da materia segundo os criterios establecidos nesta programación.

Proba escrita: 100% da nota final.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Considerarase superada a materia cando, logo de efectuado o redondeo establecido no apartado anterior, se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Débase ter en conta que o tratamento que se concede á atención a diversidade na etapa de Bacharelato presenta unhas características diferentes que o concedido na Educación Secundaria Obrigatoria. Desta forma, neste nivel educativo e nesta materia específica, a diversidade fai referencia á necesidade de ser atendidas adaptacións de acceso, medidas concretas de material, sen chegar en ningún caso a tomar medidas curriculares significativas. Este nivel educativo, ten como obxectivo ofrecer unha capacidade dunha cultura común, pero resaltando as peculiaridades do alumno, de acordo coas súas capacidades, motivacións e intereses; nese sentido, as profesoras de estes cursos adoptarán unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade. Por iso proporanse actividades abertas, para que o alumno ou alumna realíceas segundo as súas posibilidades, cunha gradación de dificultade en cada unidade didáctica, e organizaranse as aprendizaxes mediante proxectos motivadores que, á súa vez, axuden a relacionar e aplicar coñecementos. Os contidos dos libros de texto veñen complementados con actividades moi diversas. Deste modo, o profesor elixirá aquelas estratexias de ensino- aprendizaxe adaptadas ao nivel do grupo-clase.

Outras medidas de atención á diversidade na ESO xa non dependen directamente do noso departamento, senón do equipo directivo ou do Departamento de Orientación segundo as directrices enviadas na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa mediante as cales se regulan as medidas de atención á

diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Tomaremos en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolva cada alumno de modo particular, a súa actividade intelectual, o seu nivel de coñecementos sobre a materia que abordaremos, así como o alumnado que polas súas características físicas, sensoriais ou doutro carácter (alumnado procedente doutros países con idioma diferente ou cun baixo nivel de coñecemento) non poida seguir da mesma forma o currículo.

Para facilitar a atención á diversidade tomaranse en conta as seguintes medidas:

1. Desdobrar o grupo segundo as actividades que se planifiquen e se as condicións permíteno.
2. Reforzar os contidos (pois, por distintas razóns, determinado alumnado atopa maiores dificultades das habituais na súa aprendizaxe).
3. Propiciar a indagación e a investigación (axustando o grao de complexidade das mesmas).
4. Realizar ampliacións dalgúns contidos ou temas para certos alumnos que así o requiran (propiciando así a análise).
5. Estimular a motivación do alumnado.
6. Adaptar a complexidade dos contidos fundamentais para traballar con esixencias distintas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educacion ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade	X							
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable								
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X
ET.2 - Educacion ambiental	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade			
ET.4 - Emprendemento	X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X	X

Observacións:

As materias do departamento de Xeografía e Historia son susceptibles de vincularse con moitos temas transversais que leven á reflexión crítica e á educación en valores, sobre todo a través do traballo habitual na clase, a valoración do papel desempeñado polos gobernos nos diferentes períodos da historia da sociedade, o papel da muller no ámbito político ou cultural, o en xeografía, con temas como o coidado do medio ambiente, a sustentabilidade, a acción antrópica na paisaxe natural. A variedade de contidos dos textos xornalísticos, por exemplo, permite a reflexión sobre case todos os temas transversais da actualidade podendo ver a permanencia o a evolución no tempo.

- Educación para a paz

Pode considerarse este contido transversal a partir da análise da propia historia universal e de España de todos os tempos, mesmo dos textos xornalísticos actuais e a partir dos cales farase fincapé na importancia de considerar os códigos ideolóxicos, relixiosos e políticos, territoriais dos feitos que son noticia para unha comprensión cabal da mensaxe, na que se inclúan as distintas visións do mundo que existiron e que aínda perduran na actualidade.

Por exemplo, as terribles circunstancias da Guerra Civil e as súas dramáticas consecuencias que tan terriblemente afectaron á poboación.: a morte e o exilio de moitos españois, a pobreza, a violencia, a censura e o control dos cidadáns.

- Educación moral e cívica

A análise do discurso propicia a percepción de trazos culturais e ideolóxicos presentes nos textos, sobre todo, a partir dos elementos de subxetividade. O traballo con textos para adquirir coñecemento da orixe, formación e expansión de diferentes ideoloxías políticas e relixiosas existentes e fomentar a tolerancia e o respecto. Debemos ter en conta que nas aulas do noso instituto será cada vez máis frecuente a presenza de alumnos de outras realidades culturais, lingüísticas, relixiosas. A lectura e a interpretación de moitos textos históricos e de diferentes etapas históricas axudan a reflexionar sobre o valor fundamental da vida, a paz, a concordia e a xustiza, desde as diferentes visións do mundo.

Moitas veces obsérvanse problemas sociais e morais, non moi diferentes dos que se producen na sociedade actual (intolerancia, persecucións, corrupción, falseamento, , ambición pola posesión de outros espazos territoriais, polo diñeiro e o poder, analfabetismo, violencia,), o cal permitiranos a reflexión crítica sobre a conduta dos personaxes e as situacións polas que atravesan e a súa relación co mundo real.

- Educación do consumidor

Aínda que este tema transversal podería ser analizado desde as diferentes áreas das ciencias sociais, é na disciplina da xeografía onde mellor poderá ser tratado e apreciar como a sociedade transformouse dende una sociedade autosuficiente a unha partiríase dunha análise da persuasión, a sedución e os mecanismos da manipulación empregados pola publicidade, como instrumento básico para aumentar o nivel de vendas dos produtos das empresas que os publicitan.

Demostrar cómo a demanda eleva a oferta se eses produtos anúncianse , a que hora se anuncian e en que medios. Debe facerse fincapé en que o obxectivo final do discurso publicitario é fomentar o consumo do produto ou servizo ofertado, polo que non escatima en medios para conseguilo, desde a realización de estudos psicolóxicos (que indagan nas apetencias e desexos inconscientes dos consumidores) e sociolóxicos (valores sociais que conveñen exaltar), ata o recurso da publicidade encuberta ou subliminar, cada vez máis utilizada no cine e a televisión. O coñecemento destes feitos permitirá ao alumnado detectar a intencionalidade enganosa, adoptar unha actitude crítica e consumir dun xeito responsable.

Verase especialmente o poder dos medios de comunicación, tanto na información xeral coma no ámbito do consumo.

- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos

Pódese abordar este contido transversal partindo directamente da lectura dos artigos 10 e 14 da Lei Orgánica 1/2004, dado que neles protéxense os dereitos da muller e salvagardan a igualdade entre home e muller no ámbito da publicidade e dos medios da comunicación. Tamén se pode utilizar o anuncio institucional do Ministerio de Igualdade sobre os maltratadores. A análise dos contidos da prensa e dos medios de comunicación e, sobre todo, das páxinas de contacto dalgúns xornais, servirá para tratar simultaneamente o tema da explotación da muller como obxecto sexual e o tema da educación moral e cívica.

Por outra banda, a historia conta con una longa traxectoria onde poder analizar que o

papel da muller estaba relegado ao ámbito doméstico, que a súa consideración social era reducida, que estivo suxeita as convencións políticas ou relixiosas,

- Educación ambiental

En Xeografía dedícanse sempre uns temas especiais, polo que case non debería considerárselle tema transversal. Forma parte dos nosos currículos, pero o que si podería incluílo nun tema transversal fora o análise dos comportamentos do día a día no aula (limpeza, reciclaxe dos materiais utilizados, ruído).

- Educación sexual

O noso alumnado non carecen de información relacionada con este tema, polo que non é información o que máis necesitan, senón educación.

Pódense aproveitar algúns dos textos xornalísticos utilizados para a análise da igualdade de oportunidades para ambos os sexos, os textos literarios, debates e coloquios televisivos ou preparados polos propio alumnado,, que poden servir como punto de partida para traballar este tema. En moitas deses textos móstranse as consecuencias da ignorancia sexual, comportamentos abusivos, de explotación e malos tratos, hábitos pouco saudables en relación co sexo,

- Educación para a saúde

Este tema pódese tratar, en moitas ocasións, de forma paralela ao anterior e a partir do mesmo tipo de textos. Engadiríase o tema das drogas e o do alcoholismo.

- Educación para o coidado e protección do patrimonio artístico e cultural

O coidado e preservación do noso patrimonio cultural e natural debe ser unha prioridade para calquera sociedade. As identidades locais e rexionais constitúense e reforzan a través dos símbolos, figuras representativas, tradicións que serven de elementos referenciais fundamentais para a conservación do noso patrimonio. A destrución do noso patrimonio vai xerar polo tanto unha falta de identidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Comprensión da realidade histórica que ofrecen os museos relativos a temática da Idade Media ou Moderna.		X	
Visita a Santiago de Compostela	Visita á Catedral de Santiago e a morfoloxía e estrutura urbana da cidade.		X	X

Observacións:

As actividades complementarias quedan recollidas na programación do Departamento de Xeografía e Historia. Ofrécese aquí, a modo indicativo, dúas posibles saídas sempre suxeitas á devandita programación do Departamento e as posibilidades reais do desenvolvemento do curso.

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade. -Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía: 1 Insuficientemente; 2 Suficientemente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia: 1 Insuficientemente; 2 Suficientemente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Avalía e xulga en función dos criterios da programación: 1 Insuficientemente; 2 Suficientemente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Medidas de atención á diversidade
Crea ambiente de aprendizaxe: 1 Insuficientemente; 2 Suficientemente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Clima de traballo na aula
Emprega variedade de recursos: 1 Insuficiente; 2 Suficiente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Motiva ao alumnado: 1 Insuficiente; 2 Suficiente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Outros
Ofrece oportunidades de recuperación: 1 Insuficiente; 2 Suficiente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

- En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

- Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

- Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

É un elemento central da práctica educativa, ao permitírnos coñecer o grao en que os estudantes van adquirindo as aprendizaxes, e permite mellorar, revisar e adaptar os contidos, metodoloxía e procedementos de aprendizaxe. Ademais, pon de manifesto a adecuación dos recursos e denota as insuficiencias.

Propoñemos os seguintes procedementos e instrumentos, co fin de levar a cabo un balance orientativo da acción docente, e o departamento establecerá uns indicadores de logro que se empregarán como referencia.:

- Realizar reunións periódicas para expor as dificultades, aportar materiais apropiados e intercambiar experiencias.
- Reflexionar sobre os resultados das avaliacións e sacar conclusións para rectificar e reaxustar a programación.
- Consultar aos alumnos/as, mediante un cuestionario ou dialogando, sobre as súas dificultades de aprendizaxe, para comprobar se a programación se adecúa ás súas necesidades.
- Elaborar un balance a final de curso a fin de analizar criticamente a intervención educativa e tomar decisións cara o futuro.

Debemos recordar que, como xa sinalamos, haberá tres sesións de avaliación ao longo do curso. Teranse en conta os diferentes aspectos reseñados anteriormente (probos escritos, caderno, asistencia,).

Ao ser a avaliación continua e contemplar múltiples aspectos, a recuperación da parte/partes avaliadas negativamente farase no transcurso do curso escolar; se ben, poden establecerse tres momentos-clave para comprobar se os alumnos/as recuperaron aqueles aspectos avaliados negativamente, estes serán posteriores a cada avaliación.

9. Outros apartados

1. Procedemento para informar ao alumnado sobre a programación

A programación estará a dispor dos alumnos e pais, tanto en formato papel, como en formato dixital, na Xefatura de Estudos e nas aulas correspondentes ao departamento de Xeografía e Historia.